

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

A alcaldesa D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D.<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Manuel Castro Uzal  
D. Raúl Varela Fraguio

### **NON ASISTE:**

D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez

### **INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día doce de novembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/a Sres./a concelleiros/a D. Rubén Vázquez Pérez, D.<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, don Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Asiste á sesión o interventor accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL**

Na Resolución da Alcaldía núm. 1097/2025, do día 12 de novembro de 2025, pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local sinálase que:

“(…/…)”

A urxencia da convocatoria e do asunto vén motivada pola necesidade de adxudicar o contrato no prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción da comunicación por parte da empresa ENDESA ENERGIA S.A.U do mantemento da súa oferta, o que se comunicou en data 6 de novembro de 2025, Isto de acordo coa cláusula 21.2 do PCA.

(…/…)”

Sometida pola Presidencia a urxencia a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, aprobar a urxencia da convocatoria e do asunto incluído na orde do día.

**2.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN A TRAVÉS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP), CON BASE NO ACORDO MARCO FORMALIZADO O 16 DE OUTUBRO DE 2024”. EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2024/C005/000012**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 12 de novembro de 2025 (CVD: vISNEFsKGTigUt8NQCGY), que transcrita di:

**«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

Visto que a FEMP, a través da súa Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados o Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión distribuído por lotes xeográficos. Visto que o dito acordo marco entrou en vigor por un período de 1 ano inicial ata o 16 de outubro de 2025, e que o 15 de setembro de 2025 se resolveu prorrogar por un ano máis, dende o 17 de outubro de 2025 ata o 16 de outubro de 2026.

Visto que o Concello de Cambre se atopa adherido á Central de Contratación da FEMP por Resolución da Alcaldía núm. 1950/2018, do 1 de outubro.

Visto o expediente de contratación da “Subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), con base no acordo marco formalizado o 16 de outubro de 2024”. Expediente TEDeC núm. 2024/C005/000012. Expediente plataforma FEMP: 2025/BAS/000267.

Vistas as ofertas presentadas polos licitadores:

1. ENDESA ENERGÍA, S.A.,

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0 TD	0,118962	0,108713	0,109648			
3.0 TD	0,124541	0,11869	0,101464	0,087028	0,078736	0,109291
6.1 TD	0,116292	0,107194	0,094349	0,079993	0,069473	0,100475
6.2 TD	0,166851	0,153713	0,148674	0,138354	0,126628	0,141238
6.3 TD	0,165173	0,152072	0,147368	0,137085	0,125685	0,139822
6.4 TD	0,16081	0,147956	0,143924	0,133917	0,123092	0,136058
3.0 TDVE	0,166917	0,154056	0,145982	0,134578	0,123177	0,139232
6.1 TDVE	0,150715	0,137287	0,132174	0,121601	0,109414	0,125371

## 2. IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0 TD	0,208224	0,171042	0,140162			
3.0 TD	0,211408	0,192706	0,169161	0,159741	0,142732	0,144155
6.1 TD	0,192108	0,176805	0,158349	0,150742	0,133487	0,134202
6.2 TD	0,189858	0,174737	0,158651	0,151342	0,134120	0,134451
6.3 TD	0,188309	0,174672	0,157442	0,148521	0,131893	0,131440
6.4 TD	0,183674	0,170739	0,154093	0,144328	0,137479	0,133383
3.0 TDVE	0,225692	0,198804	0,169864	0,156721	0,133693	0,135003
6.1 TDVE	0,211064	0,180472	0,155020	0,144601	0,120483	0,123752

## 3. GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

AYTO DE CAMBRE	TARIFA	TE1 (€/kWh)	TE2 (€/kWh)	TE3 (€/kWh)	TE4 (€/kWh)	TE5 (€/kWh)	TE6 (€/kWh)
	2.0TD		0,162049	0,147996	0,130999		
3.0TD		0,175874	0,162716	0,147070	0,135088	0,120866	0,134341
6.1TD		0,165971	0,149748	0,138523	0,128828	0,115457	0,120520
6.2TD		0,163653	0,147737	0,136022	0,126608	0,114293	0,117382
6.3TD		0,162170	0,146190	0,134607	0,125124	0,113564	0,116011
6.4TD		0,158301	0,142428	0,130849	0,121566	0,111362	0,112325
3.0TDVE		0,178602	0,162718	0,146373	0,131958	0,110893	0,121341
6.1TDVE		0,165971	0,149748	0,138523	0,128828	0,115456	0,120519

Visto o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 23 de outubro de 2025 (CVD: lkZHofFiDYdvcevKTZ).

Visto que con data 6 de novembro de 2025 e núm. de rexistro 202599900007038, ENDESA ENERGÍA, S.A. manifestou a súa conformidade coa vixencia da súa oferta, isto de conformidade co disposto na cláusula 21 do PCA.

Visto o informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 12 de novembro de 2025 (CVD: 6cdnaJbPYmAnS4zVvhZm)

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Adxudicar o Contrato baseado para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión do Concello de Cambre, á empresa "Endesa Energía, S.A.", adxudicataria do lote 1 do Acordo Marco para a contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión da Central de Contratación da FEMP, cunha duración de 1 ano, axustándose á seguinte oferta (sistema de prezo fixo):

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0 TD	0,118962	0,108713	0,109648			
3.0 TD	0,124541	0,11869	0,101464	0,087028	0,078736	0,109291
6.1 TD	0,116292	0,107194	0,094349	0,079993	0,069473	0,100475
6.2 TD	0,166851	0,153713	0,148674	0,138354	0,126628	0,141238
6.3 TD	0,165173	0,152072	0,147368	0,137085	0,125685	0,139822
6.4 TD	0,16081	0,147956	0,143924	0,133917	0,123092	0,136058
3.0 TDVE	0,166917	0,154056	0,145982	0,134578	0,123177	0,139232
6.1 TDVE	0,150715	0,137287	0,132174	0,121601	0,109414	0,125371

Teñen carácter contractual os seguintes documentos: o PCA, o PPT, o documento de formalización do Acordo Marco, o documento de invitación, a oferta presentada pola adxudicataria e a presente resolución de adxudicación.

**Segundo.-** Comunicar esta resolución á adxudicataria, e aos licitadores presentados, a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar esta resolución no Perfil do contratante desta Entidade Local e notificar o acordo conforme co establecido na Disposición Adicional Decimoquinta da LCSP.

**Terceiro.-** A presente Resolución esgota a vía administrativa e pode ser impugnada mediante a interposición do recurso especial en materia de contratación, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Cuarto.-** Segundo o disposto no art 36.3 da LCSP o contrato baseado no Acordo Marco perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte do Concello de Cambre. A data de inicio do contrato, para os efectos do cómputo da duración do contrato será a data de prestación efectiva da primeira subministración efectiva (con polo menos un punto de subministración), que en calquera caso deberá producirse dentro de los trinta (30) días naturais seguintes á data de notificación da resolución de adxudicación. O xestor estará obrigado a comunicar a dita data de inicio do contrato ao responsable do contrato.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 12 de novembro de 2025 (CVD: vISNEFsKGTigUt8NQCGY), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/a asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo